


CAMPIONATO GALEGO SPRINT MTBO 2026

19 de setembro
Paderne (A Coruña)

5ª PROBA DA LG MTBO 2026
Campionato Xunta de Galicia Sprint
Proba sorpresa ao remate do CG Sprint

Máis información:
<https://fegado.es/>



Recreación da imaxe do buzo
do Pasatempo de Betanzos



Organiza:

Colabora



5ª Proba da Liga Galega de MTBO 2026
Campionato Xunta de Galicia Distancia Sprint

Knock-Out Sprint MTBO

SÁBADO 19 DE SETEMBRO DO 2026

CLUB ORGANIZADOR: CLUB O PASATEMPO –Betanzos

- Directores da Proba: Fran López Costoya e David Casado Bravo
- Cartografía e Percorridos: David Casado Bravo
- Coordinador de Seguridade: José Manuel Nogueras
- Revisión do mapa e balizado: David Casado Bravo, Alberto Taboada Pintor, Fran López Costoya, Olalla Bello, Javier López, Roberto Chas, Maite Barreira e José Manuel Nogueras.
- Técnicos de Sportident: Javier Arufe y Natalia Pedre
- Xuíz controlador: Jorge Piñeiro
- Jurado Técnico:

MAPA

NOMBRE: MONTE DO CASTRO (SOUTO)

PRUEBA SPRINT

TAMAÑO: A4

ESCALA: 1/4000

EQUIDISTANCIA: 5 mts

MAPA BASE: MAPANT

TRABAJO DE CAMPO Y DIGITALIZADO: David Casado Bravo

REALIZADO AGOSTO 2026

REVISIÓN: Septiembre 2026 David Casado Bravo y Fran López Costoya

TRAZADOS: David Casado Bravo y Fran López Costoya

PRUEBA KNOCK-OUT

TAMAÑO: A4

ESCALA: 1/4000

EQUIDISTANCIA: 5 mts

MAPA BASE: MAPANT TRABAJO DE CAMPO Y DIGITALIZADO: David Casado Bravo

REALIZADO AGOSTO 2026

REVISIÓN: Septiembre 2026 David Casado Bravo y Fran López Costoya

TRAZADOS: David Casado Bravo y Fran López Costoya

5ª Proba da Liga Galega de MTBO 2026
Campionato Xunta de Galicia Distancia Sprint

Knock-Out Sprint MTBO

SÁBADO 19 DE SETEMBRO DO 2026

ZONA DE CONCENTRACIÓN, ACCESOS, APARCAMENTOS E ÁREA PROHIBIDA

Taberna do Vimieiro-DP0906 (crtra.Betanzos-Velouzás)-pk 17,7

https://maps.app.goo.gl/UWkxV7Mx2PQopiGcA?g_st=aw



ZONA EMBARGADA



5ª Proba da Liga Galega de MTBO 2026
Campionato Xunta de Galicia Distancia Sprint

Knock-Out Sprint MTBO

SÁBADO 19 DE SETEMBRO DO 2026

DATA E HORARIOS

Sábado 19 de novembro

9h Apertura da Secretaría e sportident

10h Saída dos Primeiros Corredores 5ª Proba da Liga Galega de MTBO 2026-Campionato Galego DSprint

11h30 Peche de meta 5ª Proba da Liga Galega de MTBO 2026-Campionato Galego D.Sprint

12h Saída dos Primeiros Corredores na Proba Knock-out Mtbo (agrupados por percorridos según clasificación do Campionato Galego Sprint)

13h Peche de meta da Proba Knock-out Mtbo.

13h30 Entrega Trofeos Campionato Xunta de Galicia MTBO Distancia Sprint

INSCRIPCIÓN

***ATENCIÓN: A INSCRIPCIÓN ÁS DUAS PROBAS FAISE POR SEPARADO EN CADA EVENTO. A PROBA KNOCK-OUT FIGURA COMO EVENTO “NON OFICIAL”.

-Tarxeta SportIdent para tódalas categorías. Asignarase automáticamente unha tarxeta SportIdent en aluguer ao que non indique o nºdetarxeta nos datos de inscrición.

-Aluguer: 3€ (a pagar xunto coainscrición). A perda conleva o pago de 60€.

-As inscricións realizáranse a través da web da Federación Galega de Orientación (fegado.es), seleccionando o evento do calendario e marcando a categoría na que desexa inscribirse. Os participantes que todavía non teñan usuario terán que rexistrarse primeiro na Intranet, aínda que o desexable é que se poñan en contacto con algún club FEGADO para tramitar a inscrición a través dese clube.

-CLUBS FEDERADOS: A través de <http://fegado.es/events/>. Enviar o xustificante de ingreso na conta de BBVA ES4201820612770201556468 (ASOCIACIÓN O PASATEMPO) a clubopasatempo@gmail.com. A cantidade a ingresar será a suma do resumo das inscricións do club, máis 3€por cada corredor que alugue tarxeta SI. No concepto do ingreso por: MTBO PADERNE (máis o nome do club) Aqueles clubs que precisen factura, non esquezan enviar os seus datos fiscais.

-INDEPENDENTES: realizarán a inscrición no sistema de inscricións da Fegado na páxina web (<http://fegado.es/intranet>). No caso de non estar dados de alta na intranet, Terán que crear un perfil seguindo as instrucións da propia web para despois darse de alta ba categoría que desexan competir. Si disponen de tarxeta Sportident, indicarán o número e no caso contrario deixarán a celda en branco e parean asinarlles unha de aluguer. Enviar o xustificante de ingreso na conta DE BBVA ES4201820612770201556468 (ASOCIACIÓN O PASATEMPO) a clubopasatempo@gmail.com. A cantidade a ingresar será a suma do resumo das inscricións, máis 3€ por cada corredor que alugue tarxeta SI. No concepto do ingreso por: MTBO PADERNE (máis o nome completo).

PREZOS DAS INSCRIPCIÓNS (*para o Campionato Galego Sprint e para a Proba knock-out mtbo)

CATEGORIAS OFICIALES	Categoría M/F-17 e inferiores 2€
	Categoría M/F-20 7 €
Categoría M/F-21 e superiores 10 €	
CATEGORIAS NON OFICIALES	Promoción individual, sin licenza federativa 2 €+prezo seguro
	Iniciación equipos, sin licenza federativa 2 €+prezo seguro
Aluguer tarxeta 3 € por proba	
Reposición do dorsal 3 €	
Cambio da tarxeta sportident (a pagar polo deportista) unha vez pechadas as inscricións 2 €	
Cambio da tarxeta sportident (a pagar polo deportista) o día da proba 5 €	
Inscricións fora de prazo (si é posible) +100% do prezo correspondente	

5ª Proba da Liga Galega de MTBO 2026
Campionato Xunta de Galicia Distancia Sprint

Knock-Out Sprint MTBO

SÁBADO 19 DE SETEMBRO DO 2026

PERCORRIDOS

SPRINT

PERCORRIDOS	CATEGORIA	DIST.LINEAL	DESNIV.	CONTROLES
R1	¿??	¿??	¿??	¿??
¿??	¿??	¿??	¿??	¿??
¿??	¿??	¿??	¿??	¿??
¿??	¿??	¿??	¿??	¿??
¿??	¿??	¿??	¿??	¿??
¿??	¿??	¿??	¿??	¿??
¿??	¿??	¿??	¿??	¿??

KNOCK-OUT

PERCORRIDOS	CATEGORIA	DIST.LINEAL	DESNIV.	CONTROLES
R???	¿??	¿??	¿??	¿??

Como información para o cálculo aproximado da distancia real, sirva de exemplo que no **R???** Élite:

Sprint: distancia lineal **¿??**km / percorrido ideal **¿??**km

Knock-out: distancia lineal **¿??** km / percorrido ideal **¿??** km

EQUIPACIÓN

Deberase levar obrigatoriamente durante toda a proba un casco ríxido homologado. O casco deberase levar sempre amarrado cando o orientador circule sobre a súa bicicleta.

A bicicleta será do tipo Bicicleta de Montaña (rodas de máis de 65 cm de diámetro). A organización da competición poderá rexeitar ou aceptar outros tipos de bicicleta todo terreo, sempre e cando, reúnan condicións de seguridade polo seu deseño ou polo seu estado. É responsabilidade dos competidores que as bicicletas funcionen correctamente.

Previo á saída, e se o organizador pensa que é oportuno, pódese facer unha revisión de material. Aquel orientador que non reúna condicións de seguridade mínimas de material non poderá saír ata que o solucione.

O competidor irá dende a saída ata a meta, e entre os controis, subido na bicicleta, empurrándoa ou cargando con ela. Afastarse da bicicleta (salvo caída), está prohibido.

O dorsal é obrigatorio para tomar a saída, debe de ser visible e ir suxeito na parte anterior da bicicleta en todo momento.

A tarxeta electrónica terá que levala o corredor na súa man, dedo ou bolsillo. Non é necesario que esté unida na bicicleta por un cordón ou sistema similar. A elección da roupa e o calzado é libre, pode existir dependendo da elección de ruta algún sendeiro con vexetación que provoque rozaduras en pernas e brazos. É recomendable que os corredores leven o equipo de reparación e os repostos que estimen oportunos. Lembrese que está totalmente prohibido recibir asistencia externa unha vez comezada a competición e soamente outros competidores poden dar asistencia mecánica. É deber de todos os competidores axudar aos corredores accidentados.

Admítense todo tipo de aparatos de medida excepto GPS e teléfonos móbiles con capacidade para mostrar mapas. A organización poderá realizar revisións de material de cara a garantir o cumprimento de esta norma.

5ª Proba da Liga Galega de MTBO 2026
Campionato Xunta de Galicia Distancia Sprint

Knock-Out Sprint MTBO

SÁBADO 19 DE SETEMBRO DO 2026

PREVENCIÓN DE RISCOS

Os orientadores participan na proba baixo a súa propia responsabilidade, asumindo os riscos inherentes ás carreiras de MTBO.

No caso dos menores de idade, ademáis, os clubs respectivos ou os seus titores son os responsables de asignarlles o percorrido apropiado ao seu nivel físico e técnico, debendo —no seu caso— proceder a inscribilos en categorías de iniciación.

Queda totalmente prohibido facer lume e deixar no monte calquera tipo de lixo, especialmente plásticos e cabichas.

Precaución e respecto polas zonas prohibidas dentro do mapa. Estarán marcadas sobre o mapa con raiado de cor púrpura.

Podemos chegar a atoparnos con algún ciclista, vehículo a motor ou animais nos camiños que cruzan o mapa. É obrigado respectar as normas de circulación e respetarase ao máximo a outros usuarios das vías, tendo peons e xinetes preferencia sobre os ciclistas.

É OBRIGATORIO CIRCULAR POLA MARXE DEREITA DAS PISTAS, CAMIÑOS E SENDAS SEMPRE QUE ESTAS O PERMITAN.

É OBRIGATORIO RESPETAR AS NORMAS DE CIRCULACIÓN, O NO CUMPRIMENTO SERÁ MOTIVO DE DESCALIFICACIÓN.

ONDE PODEDES COMER E DURMIR NO CONCELLO DE PADERNE

O Centro da Proba é a Taberna Do Vimieiro (981 797323) onde podedes tomar un refrixerio ou xantar/cear. Recoméndase RESERVAR CON ANTELACIÓN polo volumen de xente prevista.

Ademáis o Concello de Paderne ten unha oferta maravillosa de aloxamentos e restauración:

<https://concellodepaderne.com/pages/comerdurmir>